



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN DA INFANCIA E MOCIDADE XITANA NO ANO 2025.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991).

E doutra, Don Isidro Juan Rodríguez Hernández con DNI 50804366B, representante legal da Fundación Secretariado Gitano co NIF G83117374, que actúa en nome e representación da entidade, en virtude de poder outorgado ante o notario Isabel Rufas de Benito o 28 de novembro de 2022 en escritura pública con número de protocolo 2053, inscrito no Rexistro de fundacións.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directrices do Parlamento Europeo e do



Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

CUARTO. Que a Fundación Secretariado Gitano, constituída por tempo indefinido mediante escritura do 04.10.2001 -protocolo 3.239, inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal por resolución de 28.12.2001 co número de rexistro 630, é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co núm. E-1729.

A Fundación Secretariado Gitano ten entre as súas funcións a promoción integral da poboación xitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta consellería.

QUINTO. Que o artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros e en especial aos nenos, nenas e adolescentes.



As partes coinciden en que a situación do colectivo xitano con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas no campo da orientación da educación para acadar a completa incorporación social deste colectivo.

En concreto, a Fundación Secretariado Gitano leva a cabo nas localidades de Coruña e Ourense actuacións de orientación e promoción da educación a través do "Promociona -T" dirixidas a reforzar a escolarización en educación infantil e ata o 4º do segundo ciclo da educación primaria dirixidas a previr o absentismo, o desfase curricular e o abandono escolar temperá.

Así mesmo, a través das actuacións "Promociona", desenvolve nas cidades de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo intervencións dirixidas a proporcionar orientación educativa ao alumnado a partir de 5º do terceiro ciclo da educación primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), así como ás súas familias có fin de mellorar as condicións da educación no propio fogar.

As anteditas actuacións "Promociona" e "Promociona -T" forman parte do "programa Promociona" que leva a cabo a Fundación.

SEXTO. O artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Fundación Secretariado Gitano para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da execución durante o ano 2025 das ditas actuacións de promoción da educación da infancia e da mocidade xitana, a través da concesión directa dunha subvención pública.



Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria con concorrencia pública para a concesión da subvención, pois a Fundación Secretariado Gitano dispón dunha importante solvencia técnica avalada por unha traxectoria de décadas no traballo coa poboación xitana. Goza de implantación de ámbito autonómico, e conta con sedes nas sete grandes cidades galegas, sendo a única entidade na Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolve en toda a súa área xeográfica actuacións de orientación educativa continua, individual, grupal e a nivel sociocomunitario de apoio ao alumnado xitano en todos os niveis educativos, e conta cunha rede de recursos que permite un traballo colaborativo creador de sinerxias dirixidas a acadar un progreso no nivel educativo da poboación xitana.

SÉTIMO.-Que por Resolución do 6 de novembro de 2023 da Secretaría de Estado de Emprego Economía Social del Ministerio de Trabajo y Economía Social, publíquese a relación definitiva dos proxectos aprobados no marco da convocatoria para a selección de operacións que se financiarán co Fondo Social Europeo Plus (FSE +) no marco de programas estatais e do tramo estatal da prioridade Región Ultraperiférica.

Entre as operacións seleccionadas atópase Itinerarios integrados de inclusión educativa e sociolaboral para a poboación xitana PROMOCIONA da escola ao emprego, que realizará a Fundación Secretariado Gitano.

Para esta operación o Fondo Social Europeo Plus (FSE +) achega unha dotación para Galicia de 196.295,34€.

O resto proceden doutras fontes de financiamento, entre as cales se atopa este convenio de colaboración polo que se achega unha subvención directa cunha contía de 144.908,00€

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en contribuír a través da concesión directa dunha subvención pública ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos derivados das actuacións "Promociona" e "Promociona-T" de orientación e promoción da



educación da infancia e da mocidade xitana, integrantes do “programa Promociona”, levadas a cabo pola Fundación Secretariado Gitano durante o exercicio 2025.

O obxectivo das actuacións é favorecer a normalización educativa da poboación xitana dende a base ata a formación obrigatoria, e conseguir deste xeito taxas máis elevadas de éxito académico durante a etapa de escolarización obrigatoria.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

As actuacións subvencionables nos termos recollidos no convenio son:

a) Orientación educativa con tres diferentes niveis:

1º. Nivel individual- Trabállase a nivel individual por parte dos orientadores educativos nas actuacións “Promociona”, dirixidas ao alumnado a partir de 5º do terceiro ciclo da educación primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Neste nivel elabóranse plans de traballo individualizados para cada alumno/a e as súas familias, como persoas beneficiarias das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e da mocidade xitana obxecto de subvención a través deste convenio. Nos ditos plans quedan identificadas as necesidades a cubrir, as accións a desenvolver, os prazos para a súa realización e de revisión daqueles.

2º. Nivel grupal- Trabállase a nivel grupal a través das aulas de apoio escolar para aprender en grupo con actuacións “Promociona – T”, dirixidas ao alumnado dende infantil ata 4º do segundo ciclo de educación primaria, e actuacións “Promociona”, dirixidas ao alumnado a partir de 5º do terceiro ciclo de primaria e da ESO.

Neste nivel lévase a cabo a formación en técnicas de estudo e unha labor de reforzo educativo do alumnado co fin de mellorar a súa aprendizaxe e inculcarlles unha maior responsabilidade en materia educativa.

3º. Nivel sociocomunitario- Trabállase en rede coa contorna e cos axentes sociais próximos ao alumnado nas actuacións “Promociona -T” e “Promociona”.

Perseguese con estas actuacións a participación do alumnado xitano e das súas familias máis aló do ámbito educativo, cunha maior implicación na vida dos centros educativos a través das AMPAS e das actividades extraescolares.



b) Accións de mentoring dirixidas ao alumnado dos últimos cursos da ESO coas que se pretende amosarlles as diferentes profesións e itinerarios profesionais aos que poden ter acceso, o que lles axudará a relacionar a profesión que desexan desenvolver e a formación que necesitan para poder acceder a ela, de modo que a participación nestas accións se convirta nun elemento motivador para que rematen a ESO e continúen estudando.

As accións de mentoring lévanse a cabo fóra da aula e en horario extraescolar coa colaboración de empresas ou profesionais que posibilitan ao alumnado coñecer de primeira man a profesión nun entorno real de traballo.

c) Organización de encontros de estudantes e familias como espazo de debate, reflexión, intercambio de situacións, problemas e experiencias de éxito.

TERCEIRA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos das actuacións de orientación e promoción da educación da infancia e mocidade xitana que no marco a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Fundación Secretariado Gitano é de 411.169,26€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a contía de cento corenta e catro mil novecentos oito euros (144.908,00€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supoñer beneficio económico para a entidade conveniente.

CUARTA .COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.



QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a entidade deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións mediante a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:



a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse á actuación subvencionada, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2025 e a data límite de xustificación.

Concepto		IMPORTE
Gastos de Persoal	4 orientadoras educativas (Lugo, Ferrol, Vigo e Pontevedra) 8 docentes(Lugo, Ferrol, Vigo e Pontevedra) 4 educadores dixitais(Lugo Ferrol, Vigo e Pontevedra).	85.673,10€
	2 orientadoras educativas (Ourense e Coruña) 4 docentes(Ourense e Coruña)	45.010,00€
Total gastos persoal		130.683,10€
Gastos de funcionamento	Alugueiro de locais e outros gastos	8.665,38€
	Subministros	2.122,24€
	Mensaxería	97,70€
	Material de oficina	67,67€
	Prensa	38,36€
	Renting	517,53€
Total gastos de funcionamento		11.508,88€
Gastos realización actividades	Materiais para actividades nas aulas	141,00€
	Saídas culturais	201,40€
	Seguro actividades	200,00€
Total gastos realización de actividades		542,40€
Gastos de auditoría		2.173, 62€
Total gastos		144.908,00 €
Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.		



Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN

1. Respecto a forma de xustificación e pagamento da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

A xustificación da realización das actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio realizarase a través da presentación de conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada que reflecta unha relación de gastos, con indicación do acredor, importe e data de pago e, si é o caso, outros ingresos que financien a actividade, coa achega dun informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de



xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo disposto neste convenio. A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

- a) O cumprimento por parte de Secretariado Gitano das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade.
- c) A realidade e a regularidade da operación financiada.
- d) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso no dito informe conterá a seguinte comprobación:

- a) Que a conta xustificativa foi subscriba polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.
- c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas.

A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

- a) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso no informe deberá confirmarse:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao programa gardan unha relación directa con el, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.



2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

a) Que Secretariado Gitano utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

b) Que Secretariado Gitano dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

c) Pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao programa e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

d) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

3. As actuacións subvencionadas comprenderán os gastos realizados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025, tendo que presentar a documentación xustificativa antes do 5 de decembro de 2025, data que se considera como limite da xustificación aos efectos do artigo 37.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. FORMA DE PAGAMENTO

o pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento do programa obxecto de subvención, cuxo contido se detalla na cláusula sétima.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de



xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

NOVENA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase de acordo co artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de xullo, do réxime xurídico do sector público, unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación Secretariado Gitano, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

2. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería designada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.



3. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita ao órgano de dirección competente en materia de familia e infancia, designada pola persoa que asuma a Presidencia da comisión, que actuará con voz pero sen voto.

4. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución das actuacións subvencionadas corresponderá a esta.

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as ditas actuacións e a Consellería de Política Social e Igualdade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO TERCEIRA. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN.

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de



xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

3. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

5. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto de subvención entenderase que este incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

6. Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.



DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se o acto fora expreso, poderá formular un recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Se o acto non fora expreso, poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”



DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2025.

Non obstante os gastos das actuacións subvencionables a través deste convenio que realice a Fundación Secretariado Gitano dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionados ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, ambas as dúas partes comparecentes o asinan no lugar e na data da sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e Igualdade

Fabiola García Martínez

O representante legal da Fundación
Secretariado Gitano

Isidro Juan Rodríguez Hernández